

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ Secretaría

*Modificación Bases proceso selectivo traballador/a social e lista de espera*

### ANUNCIO

**Modificación bases proceso selectivo traballador/a social e lista de espera**

**Expediente nº 2020/E001/000004**

Mediante o Decreto nº 692/2020, do 01 de xuño, a concelleira delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, efectuou a convocatoria do proceso selectivo que se indica, con suxeición ás seguintes:

“BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DUN/DUNHA TRABALLADOR/A SOCIAL PARA A COBERTURA DURANTE O PERMISO POR MATERNIDADE DA TITULAR, ASÍ COMO DURANTE OS SUCESIVOS SUPPOSTOS QUE SE POIDAN DERIVAR DA MESMA E ELABORACIÓN DUNHA LISTA DE PERSOAS CANDIDATAS PARA A PROVISIÓN DE PRAZAS DE TRABALLADOR/A SOCIAL...”

A referida convocatoria e as indicadas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 81, do 05/06/2020.

Como consecuencia da estimación parcial do recurso potestativo de reposición interposto polo Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia contra as bases, a través do Decreto nº 877/2020, do 03 de xullo, modificouse a base nº 10.2.c), que quedou redactada como segue:

“a) Estar prestando servizos en calquera Administración Pública mediante unha relación funcionarial, laboral ou estatutaria”.

As Pontes de García Rodríguez, 03 de xullo de 2020

A concelleira delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños

2020/4423